

1.- Introducción

Neste segundo curso do Proxecto de Educación Responsable, na parte de Literatura , Emocións e Creatividade, traballouse nunha dobre liña:

- Posta en común e difusión do traballo realizado durante o primeiro curso aos compañeiros de nivel e do Grupo de traballo.
- Elaboración dun libro de contos e historias de emocións contadas polos propios nen@s, para continuar co traballo de identificación, reflexión e análise de emocións iniciado no curso anterior.

2.- Obxectivos

Os obxectivos plantexados para acadar nestas dúas liñas de traballo foron:

✓ Con respecto ao centro

- Dar a coñecer ao resto da comunidade educativa e, máis concretamente ao profesorado do centro o traballo realizado durante estes dous primeiros anos de proxecto.
- Elaboración dun produto final no que se aplique o traballado co alumnado durante estes dous anos.
- Buscar maneiras de implementación dos contidos traballados en Educación responsable no PAT do centro.

✓ Con respecto ao alumnado

- Empatizar con distintas persoaxes
- Reflexionar sobre os acontecementos que lles suceden relacionando as conductas que estes viven nas historias coas súas propias experiencias.
- Analizar as súas motivacións.
- Identificar e transmitir as emocións que sinten as personaxes, poñéndose no seu lugar, analizando e analizando a súa resposta emocional ante situacións semellantes.
- Profundizar nas emocións que describe a historia trasladándoas á propia vida do lector
- Identificar as propias emocións e tratar de explicalas creando persoaxes dunha historia.
- Poñer a funcionar a súa creatividade aplicando o aprendido sobre emocións na creación de historias.
- Elaboración dun produto final no que se aplique o traballado co alumnado durante estes dous anos.

3.- Procedementos

✓ Con respecto ao centro

- Nas reunión mensuais do grupo de traballo de educación responsable facíase un resumo dos procedementos levados a cabo e dos avances na elaboración do produto final.
- Nas reunións de nivel, expúsoxe o traballo aos compañeiros por ver de qué maneira podía implementar nas súas aulas os contidos traballados dende Educación Responsable.
- Nestas mesmas reunións, reflexionouse sobre intelixencia emocional e a forma de incluíla como parte do PAT.
- Reunións con profesorado especialmente interesado en traballar na súa aula a Literatura, Emocións e Creatividade , para poñer á súa disposición o proxecto e todo o material elaborado durante o primeiro curso.

✓ Con respecto ao alumnado

Despois do primeiro ano de traballo no que se aprendeu a identificar e reflexionar sobre as emocións en xeral e a identificar e transmitir as propias, este segundo ano de Proxecto había que plasmar todos estes coñecementos nun produto final no que se aplicase o aprendido e se lle poidese mostrar ao resto da comunidade educativa. A nosa liña de traballo foi a seguinte.

- Lectura en común, reflexión e debate do libro " El Hombrecillo de papel" de Fernando Alonso.
- Cada alumno, coa colaboración da súa familia, debía elixir un papel, coa textura e motivos da súa elección para crear con él un "homiño" ou "mulleriña" de papel.
- Partindo da forma e características do seu papel, o alumnado coas súas familias debían analizar o posible mundo emocional que podería esconder ese boneco.
- Unha vez analizado había que crear unha historia que podería contar esa persoa. Esta historia tería que incluír emocións sentidas por ese boneco de papel pero sempre tratando de contar algo persoal partindo da propia experiencia e vivencias dos alumnos.
- A medida que se iban elaborando as historias, líanse e expoñíanse ao resto da clase.
- Foise elaborando un libro xigante que titulamos "Cuentos de Plata y Azul" con cada unha das persoaxes de papel e a súa historia.
- Eleximos algunha das persoaxes e elaboramos bonecos xigantes do tamaño dos nenos.
- Montamos unha pequena representación teatral con estes bonecos en concreto, mediante un hilo conductor que era cómo ensinarlle a alguén o que son as emocións.

Debido á alerta sanitaria, a representación quedou suspendida ou aplazada.

4.- Temporalización

Para darlle continuidade ao proxecto iniciado no 2018-2019, este curso 19-20 decidiuse traballar co mesmo grupo de alumnado do curso anterior. A dificultade xurdiu na temporalización dos procedementos, dado que non lle daba clase a ese grupo e houbo que buscar momentos libres e traballar de maneira pouco sistematizada, o que engadiu bastantes dificultades.

- Comenzouse en decembro coa lectura e debate do "Hombrecillo de Papel", a reflexión sobre as emocións e a búsqueda de persoaxes de cada alumno.
- O mes de xaneiro adicouse á creación individual de historias.
- Durante o mes de febreiro expuxeron cada unha das historias, elaborouse o libro xigante e comenzouse o traballo para a representación teatral.
- Os 10 primeiros días do mes de marzo adicáronse a rematar o traballo para a representación e aos ensaios.
- A representación estaba prevista para o venres 13 de marzo.

5.- Avaliación

- ✓ Dos obxectivos deste proxecto

Os obxectivos iniciais deste proxecto foron acadados moi satisfactoriamente, tanto con respecto ao centro coma aos relacionados co alumnado.

- ✓ Relación afectiva do alumnado

A análise da mellora dos aspectos relacionados coa relación afectiva do alumnado do grupo onde se realizaron actuacións tamén é moi positiva. Inicialmente era un grupo no que se producían numerosos conflitos e este proxecto, ademáis doutras varias actuacións levadas a cabo durante estes dous cursos, ofreceulles ao alumnado ferramentas para expresar as propias emocións, facerlles entender aos demais como se sintén, saber poñerse no lugar do outro e dar un primeiro paso para a resolución pacífica de conflitos. Este aspecto mellorou considerablemente no día a día das relacións na aula e na socialización entre iguais.

- ✓ Valoración da formación e desenvolvemento do programa:

1. Valoración da formación do curso e modificacións.

Durante este segundo curso, a formación para o profesorado tiña que ir máis centrada nun módulo de Desenvolvemento Social. Aínda considerando que a formación recibida foi altamente interesante e necesaria, algunha das ponencias tiveron máis que ver co módulo do curso pasado, de Desenvolvemento Afectivo. De feito, algunha delas repetiuse.

2. Valoración do seguemento do seminario: horario de reunión, coordinación, seguemento e modificacións.

Reunímonos no grupo de traballo unha vez ao mes para debater e poñer en común todos os aspectos relacionados co programa. Creo que é suficiente e necesario.

3. Valoración dos recursos do programa e do plan de traballo proposto dende a organización e modificacións.

Ao igual que o curso pasado, e no meu caso concreto, teño que dicir que os recursos propostos dende a organización para o desenvolvemento do programa resultáronme escasos e imprecisos. Nun principio tiña a impresión de que o desenvolvemento do programa nas aulas sería totalmente elaborado e pechado para, simplemente poñer en práctica as actividades propostas nun número determinado de sesións. Resultou non só que non foi así, senon que as propostas foron totalmente abertas de maneira que o proxecto en sí e os materiais e actividades necesarios para o seu desenvolvemento tiveron que ser elaborados na súa totalidade dende o centro.

Esto non é un aspecto negativo en absoluto, pero si que a impresión e as expectativas nun principio eran outras e houbo que cambiar e elaborar todo sobre a marcha.

4. Valoración dos aspectos que o programa aporta ao centro e modificacións.

Creo que sistematizar o programa para poder aplicalo nas aulas ofrecería resultados altamente positivos para a meirande parte do noso alumnado. Ademais, na miña opinión, poderíase establecer un horario semanal para poder traballalo e aplicalo naquelas aulas nas que se implementase. Poderíase traballar como parte da hora de ler, asembleas de aula, tempo de titorías....

5. Valoración das propias actuacións e modificacións

Dados os resultados obtidos tanto a nivel de alumnado como de produto final elaborado, modificaría a temporalización. Resultou altamente complicado traballar a ratos soltos, en momentos non establecidos, restándolle tempo a outros traballos ou actividades do alumnado .

Outra consideración a facer neste sentido é que, de querer ou interesar aplicarse o mesmo programa en cursos sucesivos, debería ser o mesmo titor o que traballase os dous cursos co mesmo grupo de alumnado e cunha adicación temporal específica para o proxecto. Neste sentido, debería establecerse, na programación inicial do curso, un espazo específico para o desenvolvemento do programa de maneira que se poida traballar, en relación con distintas competencias, ao longo de todo o curso.

6.- Anexos.

Lamento non dispoñer de copias do libro orixinal por non estar no meu poder no momento de redactar esta memoria, pero adxunto fotos das fotocopias e da revista elaborada para cada un dos alumn@s participantes no proxecto, así como o texto e o audio do que pretendía ser a nosa representación teatral.

ANEXO 1. CUENTOS DE PLATA Y AZUL. TEXTO PARA REPRESENTAR.

ANEXO 2. CUENTOS DE PLATA Y AZUL. FOTOS.











